



XXII CARREIRA POPULAR SANTA UXIA. CONCELLO DE RIVEIRA **SÁBADO 28 DE SETEMBRO DE 2019**

O Concello de Riveira a través da Concellería de Deportes organiza o **sábado 28 de setembro de 2019**, a partir das 17.00 horas, a **XXII edición da Carreira Popular de Santa Uxía que formará parte do VII Circuito Provincial de Carreiras Populares da Deputación da Coruña**, así como do **IV Circuito de Carreiras Arousa Arousa Norte**.

A proba absoluta disputarase sobre a distancia **10 km**. As probas levaranse a cabo na localidade de Riveira e estarán suxeitas o seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha sola clasificación conxunta. As probas estarán baixo o control técnico do Comité de Xuices da Federación Gallega de Atletismo.

2. CATEGORIAS DE PARTICIPACION

Para a **XXII Carreira Popular de Santa Uxía** as categorías de competición serán as seguintes:

CATEGORIA	ANOS DE NACEMENTO
PITUFO	Atletas nados no 2015 e posteriores
PREBENXAMÍN	Atletas nados no 2012, 2013, 20143
SUB 10 H/M	anos 2010 e 2011
SUB 12 H/M	anos 2008 e 2009
SUB 14 H/M	anos 2006 e 2007
SUB 16 H/M	anos 2004 e 2005
SUB 18 H/M	anos 2002 e 2003
SUB 20 H/M	anos 2000 e 2001
SUB 23 H/M	anos 1997, 1998 e 1999
SENIOR H/M	de 1996 ata 1985
MASTER 1 H/M	de 1984 ata 1979
MASTER 2 H/M	de 1978 ata 1970
MASTER 3 H/M	de 1969 ata 1960
MASTER 4 H/M	de 1959 en adelante
“SAPATILLA INCLUSIVA”	Categoría única absoluta para persoas con diversidade funcional

3. DISTANCIAS E HORARIOS

A SAÍDA DAS PROBAS ESTARÁ UBICADA NA ZONA DO MALECON DE RIVEIRA (Paseo marítimo).

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA
17.00 h	Sub 14 – Sub 16	2.500 metros
17.30 h	Sub 12	1.000 m
17.40 h	Sub 10	750 m
17.50 h	Prebenxamín	400 m
18.00 h	Sub 18, Sub 20, sub 23, senior e máster	10 km (2 voltas)
18.00 h	“Sapatilla Inclusiva”	5 km (1 volta)
19.10 h	Pitufo	100 m
19.30 h	<u>ENTREGA DE PREMIOS</u>	

4. INSCRIPCIONS

Os participantes na **XXII Carreira Popular de Santa Uxía** poderán realizar a súa inscrición na web www.riveira.es e www.emesports.es, con data límite o **xoves 26 de SETEMBRO** ás **23.59 horas**.

PREZOS DA INSCRICION

- **CATEGORIAS BASE (ata sub 16 incluído):** **GRATUITA**
- **PROBA ABSOLUTA (De sub 18 a máster):** **6,00 €**
- **Nesta proba abrírase un segundo e prazo final de inscrición ao Circuito de Carreiras Arousa Norte 2019.**

IMPORTANTE: Non se permitirá a participación de ningún deportista que non houbera realizado a inscrición previa. Non se realizarán inscricións o día da proba.

5. PREMIOS

Na **XXII Carreira Popular de Santa Uxía** outorgaranse os seguintes premios:

a) **PREMIOS ECONÓMICOS PROBA DE 10 kilómetros***:

- | | |
|--|------------------------------|
|  1º clasificado/a | 300,00 euros + trofeo |
|  2º clasificado/a | 150,00 euros + trofeo |
|  3º clasificado/a | 90,00 euros + trofeo |

**Os premios económicos serán aboados a través de transferencia bancaria, para o cal as/os atletas gañadoras/es terán que facilitar os seus datos persoais e bancarios unha vez remate a proba.*

- Trofeos fabricados a man doados polo artista riveirense **Abraham Benítez Somoza** para ás/ós 3 primeiras/os clasificadas/os locais da carreira.
- Medallas Conmemorativas ós tres primeiros clasificados de cada categoría establecida no presente regulamento.
- OS TROFEOS NON SERÁN ACUMULATIVOS, a excepción dos primeiros clasificados locais.

b) Categorías base:

- Medallas Conmemorativas para os tres primeiros clasificados/as das categorías sub 10, sub 12, sub 14 e sub 16.
- Medallas para todos os participantes das categorías pitufo e prebenxamín, Nestas dúas categorías non se realizará clasificación nin entrega de trofeos.

6. RETIRADA DE DORSAIS e CHIPS.

Realizarase o día da proba na zona do malecón, en caso de mal tempo trasladarase o **AUDITORIO MUNICIPAL**, ó carón do Centro de Saúde, ata media hora antes do inicio de cada proba. **O dorsal outorgado deberá levarse en toda a súa extensión, colocado na parte anterior do corpo e de xeito visible. Todo atleta que entre na meta sen o seu dorsal será descalificado.**

OS PARTICIPANTES NO CIRCUITO DE CARREIRAS POPULARES AROUSA NORTE 2019 TERÁN QUE RECOLLER UN DORSAL NOVO EN CADA PROBA DO CIRCUITO INCLUIDA ESTA, CO CAL TERÁN QUE COMPETIR. Poderán ademais recoller o agasallo de organización.

7. DESCUALIFICACIONES

O longo do percorrido, a organización establecerá os controis que estime oportunos estando autorizados para descualificar a calquera participante que incumpra as normas de competición, as establecidas nos regulamentos da FGA, RFEA ou IAAF para probas en ruta, ou que cometa algunha irregularidade atentando contra a seguridade individual ou colectiva durante a proba.

8. OUTRAS CONSIDERACIÓNS REGLAMENTARIAS

- Habrá servizo de duchas a disposición dos atletas no Complexo Deportivo de A Fieiteira ou Centro de Raqueta Sta Uxía (praia de Coroso).
- Habrá servizo de gardarroupa.
- Habrá servizo de ambulancia, e seguro deportivo (licenza de día) para os participantes.
- Habrá sinalización dos puntos quilométricos.
- Habrá avituallamento intermedio líquido e líquido/sólido final.
- Aparcamento nas inmediacións da saída, na zona portuaria.
- Habrá sorteo de agasallos entre os corredores.
- A participación implica a total aceptación deste regulamento, e o descoñecemento do mesmo non exime do seu obrigado cumprimento.

9. RECLAMACIONES

Todas as reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro da competición, ubicado na zona próxima á meta, non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados oficiais que serán expostos en lugar visible pola ORGANIZACIÓN.

10. PARTICIPACION DE ATLETAS DE OUTRAS FEDERACIONES AUTONÓMICAS E EXTRANXEIROS/AS

Nesta proba a participación de atletas extranxeiros e de outras federacións autonómicas rexirase de acordo co disposto no artigo 3.4. do “REGLAMENTO PARA LAS COMPETICIONES DE CAMPO A TRAVÉS, MARCHA, RUTA, TRAIL Y PISTA 2018-2019”. Máis información de esta norma no ligazón:

http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2019/06_ReglamentoCompeticiones.pdf

11. ARTIGO 23: LOPD.

Todos/a os/as corredores/as ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

CONSIDERACIÓN FINAL

Todo o non reflexado no presente regulamento rexirase polas normas vixentes da FGA e RFEA.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow ,13 - 15008 A Coruña.

MAIS INFORMACION

www.riveira.es

www.emesports.es

www.atletismo.gal

www.carreirasgalegas.com

Concello de Riveira (Concellería de Deportes)

Complexo Deportivo A Fieiteira

Telf: 981 87 36 46

email: deportes@riveira.com